

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA. POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DO ESTUDO E DA INVESTIGACIÓN DAS CIENCIAS FARMACÉUTICAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Real Academia de Farmacia de Galicia formalizaron o 10/10/2024 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto instrumentar a subvención prevista nominativamente na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a favor da RAFG, co fin de financiar as actuacións que esta realice para contribuír ao estudo e á investigación das ciencias farmacéuticas, a través de accións e actividades científicas que ten recoñecidas nos seus estatutos e que leva a cabo en beneficio do interese xeral.

Dentro das accións previstas, acordes cos fins da propia institución, encádranse as seguintes:

Contribuír ao progreso e á difusión do coñecemento das ciencias farmacéuticas entre os profesionais sanitarios, así como contribuír á educación socio-sanitaria da poboación en xeral.

Con tal fin, desenvolverá as accións e actividades científicas que compoñen a súa programación anual e, en concreto, as seguintes:

- Sesións científicas, ordinarias e extraordinarias, nas cales participarán hospitais, universidades e outras reais academias, así como outras institucións. Dentro deste apartado inclúese a divulgación das actividades a través da páxina web, a retransmisión en directo de sesións de especial relevancia social, a realización de congresos e simposios, de carácter nacional ou internacional, así como a convocatoria de premios de investigación.
- Publicacións que contribúan ao incremento e á catalogación do patrimonio arquivístico-bibliográfico no eido sanitario, ademais das preceptivas "Memorias Anuais", e da edición dos "Discursos de Ingreso" dos seus membros.
- Exposicións.
- Outras actividades, como mesas redondas, sesións de intercambio con outras institucións colexiais e reais academias, ciclos e conferencias divulgativas, actividades en centros escolares ou de formación en materias relacionadas coa saúde e a prevención, etc.

- Facilitar o uso das súas instalacións ao persoal da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, cando estes o requiran para realizar actos de divulgación de interese sanitario.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Consonte aos seus estatutos, aprobados mediante o Decreto 156/2004, do 1 de xullo e modificados en virtude do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 07.11.2019 (DOG nº 224, do 25/11/19), a RAFG é unha corporación de dereito público que ten entre as súas finalidades o fomento da investigación e o estudo das ciencias farmacéuticas e das relacionadas coa farmacia e, nomeadamente, daqueles aspectos que teñan especial interese para Galicia; o asesoramento aos organismos e entidades públicas naqueles campos que lle son propios; a divulgación científica e a formación permanente dos profesionais da farmacia; a difusión social das ciencias farmacéuticas; así como a realización doutras actividades que lle sexan encomendadas ou delegadas, directamente relacionadas cos fins da real academia.

A RAFG atópase inscrita co número 2004/6 no Rexistro Xeral de Academias de Galicia, tal como se exige no Decreto 392/2003, de 23 de outubro que regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 2 do Decreto 156/2004, de 1 de xullo, polo que se acorda a creación da Academia de Farmacia de Galicia (hoxe Real Academia de Farmacia de Galicia), a institución quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que no seu artigo 7 establece que as Academias de Galicia, ademais das funcións previstas nos seus estatutos, terán a consideración de órganos asesores da Xunta de Galicia, nos termos previstos nos seus estatutos e na normativa vixente en cada materia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

